

Juan

A semana pasada decidimos empezar a falar galego na casa. A verdade é que eu tiña ganas, pero pensaba que me ia sentir algo artificial, coma se estivese interpretando un papel. O sorprendente foi que en canto me escoitei falando vin que o difícil non era a lingua, senón todo o que temos arredor dela: os costumes, as miradas e, sobre todo, os prexuizos que nin sabiamos que tiñamos.

Airas

No meu caso foi distinto. Eu sempre quixen falar máis galego, pero faltábame ese empuurrón. Cando decidimos facelo xuntos, pensei: “Agora si toca perder a vergoña”. Pero o primeiro día foi curioso: na casa preguntaronme se “pasei ao galego” por algún traballo do instituto. Como se falar galego precisase motivación extra ou unha orde. Foi aí cando decateime de que ás veces a xente ve o galego como algo excepcional, e iso pesa máis do que pensamos.

Juan

O mellor foi ver como reaccionou a familia. A miña nai non dixo nada, simplemente respondeu en galego, coma quen non quere a cousa. E iso deume moita forza. Ao revés que co meu irmán, que se ría dicindo que estaba rara, pero ao final acabou imitandome. E sen querer xa fai frases enteiras en galego.

Airas

No meu caso notei que ás veces eu mesmo me cortaba. se entraba alguen novo na conversa, cambiaba ao castelán sen pensalo. Como se tivera que pedir permiso para usar a miña propia lingua. Esa foi a parte máis dura de ver, non só son prexuizos externos, tamén son internos.

Juan

Pero o bonito é que falando as dúas persoas galego, sentimos que tiñamos un apoio, como se o galego fose máis forte cando é compartido. Fallamos, trabámonos, buscamos palabras pero seguimos.

Airas

E tamén descubres cousas pequenas que non pensabas, expresións que herdamos sen saber, ditos que a avoa dicía e que agora recobran sentido, ou esa sensación de que estás facendo algo que conecta co lugar onde vives. É como acender unha luz que sempre estivo aí.

Juan

Esta primeira semana ensinounos que falar galego é moito máis que cambiar de idioma, é entender as barreiras, romper prexuizos e, sobre todo, atreverse a ocupar un espazo que te pertence.

Airas

Seguiremos o reto. Por nós, pola lingua, pero tamén porque agora sabemos que o galego non se recupera só falando, tamén reflexionando, compartindo e acompañando

#enredandocogalego2025